

ROSALÍA EN NOVONEYRA. UNHA LUZ QUE NON SE VE VIR, *QUE SE VE SER*

Luís Cochón
Centro Ramón Piñeiro
para a Investigación en Humanidades

Resumo: Rosalía en Novoneyra. Mitificación e desacralización. *Follas novas* e *Os eidos* como fin e principio de dúas plenitudes. Rosalía e Novoneyra concíbense en poesía por camiños diversos e distintos. A concepción da palabra poética non lles é común. Rosalía, vai a máis, cara ó último. Novoneyra, vén a menos. Ela, tenta a plenitude. El, tena deixado atrás. Nos dous, a presenza do misterio. Coinciden, ambos, *cando encontraron a palabra ou se encontraron na palabra*. Tamén no silencio da alta noite, cando calquera sitio é centro alucinado.

Palabras chave: Rosalía. Novoneyra. Rosalía en Novoneyra. “Verbas pra Rosalía”. “A Rosalía”. *Follas novas*. *Os eidos*.

Abstract: Rosalía in Novoneyra. Mythologisation and demystification. *Follas Novas* and *Os eidos* as beginning and end of two plenitudes. Rosalía and Novoneyra travel in poetry down diverse and different paths. The poetic word is conceived in the same way for both of them. Rosalía advances, towards the end. Novoneyra is in decline. She endeavours to achieve fulfilment. He has left her behind. In both, the presence of mystery. They both coincide, *when they found the word or they found themselves in the word*. In the silence deep in the night, when any place is beguiling.

Keywords: Rosalía. Novoneyra. Rosalía in Novoneyra. “Verbas pra Rosalía”. “Rosalía”. *Follas novas*. *Os eidos*.

GALICIA-ROSA

GALICIA / ROSALÍA

1

GALICIA, será a miña xeneración quen te salve?
Irei un día do Courel á Compostela por terras libradas?
Non, a forza do noso amor non pode ser inútil!

1957

2

SANTA DA TERRA, ti sabes que o ceo non é noso.
Poden inseguranza e desamparo i acólleste ós bés certos:
a casa! o val! a patria homilde!
nosa patria pola que ti clameas furando a noite!

1958

Uxo NOVONEYRA

/ Do libro ELEXÍAS DO COUREL I OUTROS POEMAS
Col. ADONAIŠ - Ed. RIALP. 1966.

A primeira parte / DO COUREL, A COMPOSTELA / ~~figura no poema~~
OH GALICIA (Revista EUFONIA/Buenos Aires 1958), un dos primeiros
textos ou o primeiro texto declaradamente político e patriótico
publicado na Posguerra por un poeta galego residente en Galicia.
Sería contestado por Avelino Díaz no N.º seguinte da mesma revista
co poema SINTONIA.



Novoneyra

Publícanse *Os eidos* o 15 de Santamariña (que é festa máis ben movible, segundo os sitios) ou o 15 de Santiago, ou de xullo (que é mes da sega), de 1955, no mesmo día do pasamento de Rosalía¹ (a non ser que quen redactou o colofón do poemario, fixera coincidir –cousa que adoita facerse– o vir á luz de *Os Eidos* coa efeméride rosaliana).

Vaise a autora de *Follas Novas* e agroman *Os eidos* 70 anos despois. Dous poetas sobranceiros na poesía de nós, dous libros capitulares da nosa lírica.

As cousas, por veces, suceden así, como se por baixo da orde cronolóxica do tempo, houbera outra cronía na que o casual toma un sentido outro -que non sabemos aínda-, pero onde os aconteceres ponderados, grávidos de sentido, se plasman en harmónicos que ninguén espera: *que se ve ser*.

A presenza de Rosalía en Novoneyra (*camión cimeiro e solo*) está en todo el: a pulsión, o enigma, os limos insomnes, o lustral placentario.

A estima que o courelao tivo de Rosalía, na súa plenitude, que, no montañés é canto máximo, dígase “na gran cidade, nos tesos cumes i en todo o silencio preguntado”: do fondo ó cimo.

De Rosalía traemos agora este manuscrito autógrafo que Uxío escribiu, nesta versión, que cremos primeira, en 1956 (se non hai algunha anterior). Damos tamén a versión última (se non aparecer ningunha outra) na que se converteu a primeira. Os 14 versos do poema inicial viñéronse converter nos 5 (por veces poden ser 4) do poema final. É moita a demouca que o poeta fixo dos seus versos, chapodounos, xanzounos. É a súa maneira de proceder poeticamente: a retracción para que no texto quede soamente o necesario mínimo.

Celebración de Rosalía en Novoneyra. O canto: “Só a canción riba da Terra, é a que glorifica e festexa”. **GALICIA-ROSALÍA** na mesma monumentalidade. Nesa orde expresa, elexíaca.

1 [ASENTO DE DEFUNCIÓN]. *Matanza*. D^a Rosalía de Castro (na marxe esquerda do folio no libro de rexistro).

Dentro del cementerio general de esta parroquia, / se dió sepultura eclesiástica en el día de la fecha, al cadáver de D^a. Rosalía de Castro sin otro ape- / llido, natural de la ciudad de Santiago y vecina del lugar de la Matanza en esta parroquia, hija ilegítima / de D^a. Teresa Castro, que falleció intestada á las doce de la mañana de ayer por consecuencia de una “de- / generación cancerosa de Hútero”. Hallabase casada con el célebre historiador D. Manuel Murguía, natural de / Santirso de Oseiro en el término municipal de Arteijo recibió los Santos Sacramentos y mas auxilios espirituales. / Y para que conste, estiendo la presente. Rectoral de Yria die- / ciseis de Julio de mil ochocientos ochenta y cinco. Licenciado José Caamaño.

VERBAS PRA ROSALIA

Pro os universitarios galegos, estudantes
de Compostela i as mozas e os rapaces galegos
do presente i o. Porque haberá futuro.

SANTA da Terra,
ti sabes que o ceo non é noso.
Sois temos o cor i o tempo,
o peso da vida i o certo da morte.

Sinto a inseguranza i o abandono
i aillante de ben certos:
a casa, o val, a Patria humilde.

A nosa Patria que nos negan,
por quen ti cramas, furando a noite!

De non irte, haberamos esquecido o que somos,
perdidos pra sempre no camiño alí.

Main xa velamos
o noso empeño de zafarmos dil
e ganhar Galicia, loitando polo home.

Novaveira

A ROSALÍA

SOLA da Terra.
 Poden inseguranza e desamparo,
 i acólleste ós bes certos:
 a casa!
 o val!
 a patria homilde!
 Nosa patria pola que ti clameas furando a noite!

Transcrición do poema manuscrito: Primeiro o título: “Verbas para Rosalía”; segundo, a dedicatoria: “Pros universitarios galegos, estudantes de Compostela i as mocidades galegas do presente i o. Porque habrá futuro”; finalmente, o corpo do poema primeiro: “Santa da Terra, / ti sabes que o ceo non é noso. / Soio temos o cor i o tempo, / o peso da vida i o certo da morte. // Sintes a inseguranza i o abandono / i acólleste ós bés certos: / a casa, o val, a Patria homilde. // A nosa Patria que nos negan, / por quen ti cramas, furando a noite! // De non oirte, haberamos esquencido o que somos, / perdidos pra sempre no camiño alleo. // Mais xa velamos / o sono enfexo de zafarnos dil / e ganar Galicia, loitando polo home” (Con sinatura). O poema último, impreso, co título “A Rosalía”; sen ningunha dedicatoria; e a transcrición (a saber se definitiva ou non): “SOLA da terra / Poden inseguranza e desamparo / i acólleste ós bes certos: / a casa! o val! a patria homilde! / Nosa patria pola que ti clameas furando a noite”. Todo un furor versicida que por veces o poeta se impón a si propio.

[Novoneyra non quere cicelar un medallón de Rosalía, unha Rosalía plástica, retratada –mellor estampada–, figurada, con aquela *vera effigies* que ela propia tanto nos furtou. O vulto de Rosalía aparece nu, simbólico de toda fundanza, na construción da Patria clameante. O renacentista Leon Bautista Alberti, glosou o canon dos escultores: os plásticos, que engaden e quitan; os bronceistas, que tan só engaden; e os tallistas, que soamente quitan. Alberti estableceu, significativamente, que os verdadeiros escultores eran os tallistas, os que cicelan *per via di levare* ou *levare di mezzo*, por **quita e eliminación: por supresión**. Formas todas que parecen acaídas para o noso poeta tallista, tácito vehementemente na arte da concisión: “A súa poesía é a máis contida de palabras. / Unha poética do silencio e dos ecos do silencio”. O que fica é o poema: tres ou catro versos, ás veces nin iso. Na nudez esencial aparece a terra.../”². Tal unha figura inacabada, *Pietà* Rondanini, de Miguel Anxo, que tamén procedía “per forza di levare”].

2 “A literatura de posguerra”. Do libro *Arte e cultura de Galicia*. Texto de Luís Cochón. Santillana, 1980.

Non é cousa de enzoufarnos en problemas de crítica textual que na poesía de Novoneyra pode ser asunto arduo, mentres non teñamos a edición crítica dos seus poemarios, con tódalas variantes, nas que o autor acerta ou non. Indicar só o cambio de ‘SÓLO da Terra’ no canto de ‘SANTA da Terra’ (que pode ser SÓLA³, con acento ou non), o que supón unha desacralización da Cantora –baixala da peaña– e, por tanto, unha laicización que se corresponde coa tónica ideolóxica onde se topou máis ou menos ben, o autor do poema e da súa transformación. ‘Desamparo’ no canto de ‘abandono’. ‘Clameas’ no de ‘cramas’. (Hai tamén en Novoneyra un ámbito sacral entreverado que parece virlle do fondo das idades, tal o *rito antigo* que se apousenta no sentimento profundo).

Problema distinto é que facer cos versos que se nos foron perdendo na destilación –como se quedaran no limbo (se tal hai)–, aínda que non todo se vai, senón que o poeta volve retomalos, aquí ou acolá, inesperados.

Sabida é a patencia de Ramón Piñeiro na carta-prólogo de *Os Eidos* (tamén o colofón do que antes se falou, mesmo as lapelas da cuberta cousa do de Lán-cara) texto extenso (poden ser dúas ou tres cartas que por último xuntou nunha soa) que impón unha lectura do libro case que metafísica, eternizante, dun texto que ten outra lección, que se compadece pouco da piñeiría.


Por man de Piñeiro chégalle Rosalía a Novoneyra, poeta moi estimado por aquel que tenta conseguir, practicamente, o gran poema da Saudade que Uxío nunca chegou a facer, por moito que iniciais intentos do primeiro libro, de moi demorada escritura –*tal se agarda no Courel*– tenteante en busca da luz ou da iluminación, aquilo que desde Pound adoitamos dicir epifanía. *Os Eidos* nada teñen de envíso e estantío, non todo é natureza que queira esmagarnos. Non. Non todo é cousa sen causa. Elexía e dor son motivos pregnantes, como o serán noutros poemarios.

(Non é do caso agora o papel de intelectual orgánico ó que Piñeiro responde ó servizo dunha ideoloxía partidaria, aquela que ben ou mal tense chamado piñeirista. (Aínda hoxe). Pero si é caso que no fondo e fundamento desta galeguización se asentén Galicia e Rosalía como alicerce *ab imis*).

“A Rosalía” como poema epónimo non aparece en *Os Eidos*. É de despois: das *Elexías*, segundo libro do autor.

3 Un verso dunha cantiga: “Pastora da terra sola”, a propósito de SOLA da terra. “Da terra sola” é formulación que o poeta coñece xa no 1954. Cfr. o meu artigo “Romanceiro e cancionero entre os versos de Novoneyra”, *Boletín da Real Academia Galega* (371), 2010, pp. 61-81. Véxase tamén o penúltimo verso “Terra sólo en ti me fundo”, de cerne ben cervantino, en *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas*, para comprobar a latencia de máis de corenta anos dun mesmo sintagma, que denota e connota no principio mesmo do corpo do poema, zona especialmente marcada.

Rosalía
" "



CENTENARIO / ANIVERSARIO DE ROSALÍA CASTRO

ESTAMOS EIQUI A CELEBRAR, A INAGURAR O PRIMEIRO CENTENARIO DA GALICIA MODERNA, ~~MAXIMO~~ MEDINDO DENDE A DATA DA MORTE DE ROSALIA CASTRO. MAIS, PRA QUITARLLE ESA SOMBRA DE ELEXIA, ESCOLLEMOS NO ANO DO CENTENARIO DA MORTE O DIA DO ANIVERSARIO DO NACEMENTO, PRA SIGNIFICAR QUE GALICIA NON ESTÁ CLAUSURADA, NON É UNHA NACIONALIDADE HISTÓRICA SENON CIMPREMENTE INTERRUPTIDA, UN POBO INDA VIVO, CON IDIOMA VIVO; ANQUE A MAIORÍA D'ISE POBO TEÑA ESQUECIDA A SUA CONDICIÓN NACIONAL GALEGA COMO FUNDAMENTO E PETICIÓN DE SOBERANÍA, DE AUTODETERMINACION, TODOS NOS SABEMOS, NOS SENTIMOS GALEGOS, CLARA OU ~~ESCURA~~ ESCURA, CON PROFUNDA CONCENCIA. E XA MILES DE CORAZOS ARDENTES VELAN GALICIA CUNHA CLARA, FIRME DECISIÓN NACIONAL, QUE NON TEN PORQUE SER DESESPERADA POR MAIS DIFICULTADES QUE HAXA A CORTO PLAZO. GALICIA IRÁ DEFINÍNDOSE, ACLARÁNDOSE NA CONCENCIA DOS GALEGOS, E CADA VEZ SERÁN MENDOS OS QUE SE TRABUQUEN DE PATRIA, QUE XA É TRABUCARSE. XA É CONFUNDIRSE O CONFUNDIRSE ~~DE~~ DE PATRIA.

NON NON H'AI QUE DESESPERARSE COMO AS VECES DESESPERAMOS, POIS A NACIÓN É LONGA ~~NON É DUN ANO PRAUTRO NEM SIQUERA DUN SIGLO PRAUTRO, Ó NOSO FA-~~ VOR I EN NOSO SENTIDO VAI UNHA CORRENTE UNIVERSAL; A PAULATINA LIBERACIÓN DOS POBOS.

INDA AILÍ, ONDE PESQUIRE O FERVOR RFLIXOSO DIANTE O PENSAMENTO CRÍTICO ACTUAL,
SIGUE OU ÉRQUESE COMO ÚNICA RELIXIÓN - RELIGACIÓN POSIBLE O NACIONALISMO, A
PASIÓN NACIONAL, ESPECIALMENTE NOS POBOS OPRIMIDOS COMO O NOSO. POIS O PASADO
COMÚN, CONFIGURADOR E CONFORMADOR, SEMPRE FOI E SERÁ SAGRADO PROS HOMES.

ASI POIS INDA EN SITUCIÓS ESTANÇADAS COM*A PRESENTE NON DESESPEREMOS. AVAN-
TEMOS SE PODEMOS. PERMANEZAMOS SE INDA NON PODEMOS E CADA UN DO SEU RITMO;
CON OU SIN GUINDASTRES DE AVENTURA, O IMPORTANTE É NON DIMITIR, EN TANTO AS
SUPERNACIÓS SIGAN CON DEMASIADO PODER. INDA ENTRE O NACIONALISMO DECIDIIDO
COMPRE TAMEN UN NACIONALISMO VAGO OU DEMORADO, NO QUE MOITOS FERVORES SE ACUCHAN,
SE PROTEXEN PRA NON SER LEVADOS DE CONTINO A DERROTA, O QUE SI PUDERA ACABAR POR SER
D'SALENTADOR.

25 ANOS DESPOIS DO PASAMENTO DE ROSALIA CAS-
TRO, DEZENAS DE POETAS NOVOS LEVAN GALICIA (EIGUI INDA A POESIA TEN UN PRESTIXIO
MÍTICO), DEZENAS E DEZENAS. QUIZAVS DENDES DOS TEMPOS MEDIEVALES DA ESCOLA TROVA-
DORESCA NON HOUBO EN GALICIA UN TAN VASTO MOVIMENTO POÉTICO COMO O ACTUAL, E DO QUE
INDUDABLEMENTE ALGO VAI SAIR... DEZENAS E DEZENAS DE ESCRITORES, MILES DE EDUCA-
DORFS E OUTRAS MOCEDADES COMPROMETIDAS ^{CUNHA} ~~CON~~ RESPONSABILIDADE SOCIAL E POLÍTICA
LEVAN GALICIA. MILLEIROS DE MOZOS DE CORAZOS ARDENTES VELAN E LEVAN GALICIA. NON
NOS DESCALIFIQUEMOS UNHOS AUTROS POR IR MÁIS OU MENOS IRADOS. TODOS VAMOS NUN MESMO
MOVIMENTO DE LIBERACIÓN NACIONAL. CANDO UNHOS DESFALEZAN OU MORRAN, QUIZAVES OS
QUE VAN TRASEIROS SEÑAN OS QUE SEGUIRÁN SOSTENDO, TRASHITINDO A DECISIÓN NACIONAL
ATE CHEGAR A HORA EN QUE SEÑAN POSIBLES LIBERTADE E XUSTICIA PRO NOSO POBO E PRA
TODOS OS POBOS DO MUNDO. POR ESO, PORQUE CREN QUE ^{ELAS} SON POSIBLES ERVELLAN OS OLLOS
DE TÓDALAS XENTFS, FERVE O BRILLO DOS NOSOS OLLOS.



Novoneyra
24-2-85
Compostela

Ducias de veces ten pregoado Novoneyra o Día das Letras Galegas, o 17 de maio, festa por máis rosaliana, a Rosalía dos *Cantares* do 1863 (case que un *bou-rear de estorniños*). Pero non son os *Cantares* o libro que máis gusta Novoneyra. Máis ben desgústalle. Rosalía non é lectura de cabeceira do courelao. Poucas veces lle oín recitar versos de Rosalía (ningún de *Cantares*). De *Follas Novas* (*vaga sombra tras sombras*), libro I, o poema “Silencio”⁴, varias veces, que levaba autógrafo manuscrito, versos admirables, que ó dicidor do Courel sabíanlle a Pondal, poeta este máis de seu.

A poética de *Cantares* só aparece no Novoneyra final, cando se volve sobre si propio; versos que non entraron en *Os eidos* –versos iniciais–, porque o poeta non quixo ver, xa daquela, a importancia que tiñan, e ter logo que retornalos.

Pois ás veces dícense tantas cousas sobre un poeta que a súa imaxen pura queda tapada e como trivializada, fixada en palabras alleas. Que é o colmo, tratándose de quen teñen a forza viva, o xeito máis natural da palabra. Os rumiantes, que tanto campan hoxe, facilítannos a dixestión **incluso da clarísima Rosalía** –que non farán con outros poetas máis difíciles?– e acaban suplantando a verdadeira palabra do poeta, a propia palabra do poeta, que é a que debe prevalecer e incidir na nosa conciencia, na conciencia do seu pueblo, ou pra maior extensión –que non intensión– na conciencia de tódolos homes, de calquer home.

Moito tento coa **clarísima Rosalía**. A *veiga llana* de Rosalía ten moitas envoltas. Rosalía **varia e profunda**. Moitas Rosalías. Moitas Rosalías. A dificultade está precisamente na claridade. Verdadeira ou suposta.

Rosalía e Novoneyra condúcense en poesía por camiños diversos e distintos. A concepción da palabra poética non lles é común. Tempos e vidas. E o modo de vivir tempos e vidas. Rosalía vai a máis, cara ó último. Novoneyra, vén a menos. Ela, tenta a plenitude. El, tena deixado atrás. [Ben me sei –tamén vós– que isto semella unha redución profesoral e espesa, municipal e espesa. E polo tanto absurda]. Entre Ela e El ten querenza o misterio: onde deixamos os limos insomnes, o lustral placentario? “Rosalía chega a esa **empatía profunda** coa natureza”. E coa vida.


4 “As niebras nos meus ollos condensadas”. Trátase, así mesmo, dun poema moi becqueriano. Asombra comprobar a presenza do tema Hamlet, aquí: “Palabras, e palabras, e palabras”. No sevillano: “del bardo inglés / en el horrible drama” (na morte de Ofelia). Polonius pregunta “What do you read, my lord?”, e Hamlet responde “Words, words, words” (*Hamlet*, acto II, escena II, verso 196).


Rosalía

Gilcario

A man nerviosa palpitante o seo
As miébras nos meus ollos condensadas
cun mundo de dúbidas nos sentidos
i un minuto de loxmentos vagabundantes

Sentindo como loitan
en en igual batalla
Inmortales desexos que atormentan
e venganzas que matan
mollo na propia sangue a dura pruma
conspendo a vera inchada
i escribo, escribo ~~escribo~~ ^{para que?} Volvede
O mais fondo da calma
tempestos en imaxes
Ide a morri cos mortos relembraos!
Que a man temblorosa no papel do escriba
palabras, palabras e palabras!
Da idea a forma inmaculada e pura
¿Pode puden velada?





III

Rosalía, ámbito mítico (ámbito de todo o imaxinario colectivo⁵), tan só cando Novoneyra acceda ó seu tipo de poema de arte menor. Cantar ou cantar, como *hábitus* na institución literaria, ou o concepto de campo (non sistema). Conteí algunha outra vez da preciosa carta que Juan Ramón dirixiu a don Manuel García Morente cando este lle pediu unha escolma para a Colección Universal: «me expresó su deseo de que yo eligiese, con un punto de vista popular, aquellas que, por su “espontaneidad y sencillez”, pudieran llegar más fácilmente a todos. [...] Pero es que lo bello conseguido con los menos elementos, sólo puede ser fruto de plenitud, y lo espontáneo de un espíritu cultivado no puede ser más que lo perfecto».

Tardou ben o Novoneyra en aprender a lección do **natural depurado**. Aquelles poemiñas que o de Moguer chamou *Arte menor* e que eu, algún día, publicarei con título dun verso do poeta noso:

Na luz desta flor detida ⁶

5 Acontece no territorio mitolóxico: Balteira, tódolos trobadores, dona Ildara e dona Briosa, Melinesa e don Gaiferos, o mesmísimo Roldán. A fala, a terra son tamén, e sobre todo, ámbito mítico. A Peregrinación Maior, a Vía Láctea, o Grial, o Cebreiro, o Courel...

6 Véxase nota 3 desta achega. Trataríase dun libro exento que recolla tódolos poemas *menores* (algúns espléndidos), que os hai en cada libro do *curso longo*, e non só no **Romanceiro courelao* que o poeta foi xuntando e avivendo.

“Adoptei a quarteta de alalá, a forma máis concisa e profunda da nosa poesía popular, a fin de que esta prosiga, de man dos poetas, xa que o pobo deixou de facer novas letras e non pensei nunha renovación do xénero, senón simplemente nunha prolongación do mesmo por ser algo demasiado profundo, e no estilo, na propia lingua volver pró que pose ser innovado sin desvirtual, e pretendemos máis ben reactivalo e dotalo do maior rigor poético sin que perda frescura nin naturalidade”.

IV

Aquel venres 17 de maio, ano 1963, cen anos despois, pola mañán leo, en Compostela, o ENVÉS do “Faro”, de Cunqueiro: POR LA MAÑANA, LA ALONDRA:

—Ide e traédeme sombras!, di o poeta. Non sei si a loia que canta é a propia Rosalía, asombrada ou ensombrecida. Poida que Cunqueiro pense tamén no Alighieri, perdido dentro dun bosque escuro.

«Haberá que explicar sempre a aparición de *Cantares gallegos* de Rosalía como un milagre. El Señor debeu botar de menos a Anunciación do anxo galego e acercar o seu oído á nosa terra. E foi naquel intre cando a loia que chamamos Rosalía, cantou».

Nese mesmo venres, xa en Pontevedra, pola tarde, atópome con Isidoro Millán que me leva consigo ó Museo: “Hai millentas estrelas; Sol, un somentes. Eso foi Rosalía: a luz de sol e lúa que apaga o resprandor dos luceiros que, na nouturna carreira, a precederan. Da fogueira acesa dese sol quentarámonos todos, namentres dure esta xeira diurna das letras galegas e, a traveso dos tempos, lembrárase decote das língas dos homes o fulgor do seu abrente esprendoroso. Pois ben dixo quen, dexergando dende o chan grego vai vinte e cinco séculos o escintillar faiscante do louro e lumioso Rei, bradou”: [O meu insigne mestre recitou en grego os versos 5 e 6 da *Primeira Olímpica* de Píndaro, que anosou]:

*Xa non se pode ollar raiando o día
outro astro que brille coma o Sol no limpo Ceo...!*

V

“Nun esforzo de coñecemento e comprensión do mundo e do noso, Rosalía clamea pola palabra máis cargada de nós, i-ó tempo, limpa e xusta, a palabra que sólo poderemos ter, se a temos na propia lingua”. (A Rosalía. Escrito, se cadra, co gallo da inauguración do monumento en Padrón, 1957).

“Ó cabo, desengañados de todo, os homes sempre se quedan ca súa nación. Co seu pasado profundo, pra non perderse dafeito, e sentir a única permanencia certa”.

Que conste que non pensaba pórme tan serio. Pero o **sagrado**, se se toca, xa se sabe. [...] Unha antiga presenza, e atópase a Galicia que nos fixo a todos

atoparnos ca terra e ca lingua que xa sabía da terra, aprendida século a século. Muitas veces eu cáseque só transcribía. Era como un tesouro soterrado, encontrado... Era a riqueza que todos levamos, o herdo que ninguén nos pode quitar ou que ninguén debe deixarse quitar.

A súa máxima riqueza, o herdo común, a herencia común. A de cada un e a de todos, por eso volven os pobos: por un sentido de pertenza, demasiado profundo pra ser esquecido”. (Pregón. A Coruña. Aula de Cultura, 1992).

Rosalía e Novoneyra coinciden ambos *cando encontraron a palabra ou se encontraron na palabra*. E no silencio; na alta noite cando calquera sitio é centro alucinado.